

REUNIÓN SOBRE ATRIBUCIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS NO ÁMBITO DO PERSOAL LABORAL DA AGACAL

Santiago de Compostela 18/04/23

Recibida a proposta de redistribución **complementos**, na xuntanza os representantes do AGACAL expoñen a mesma. Indica o xerente que a pretensión é intento de **harmonización** dos mesmos, en atención a que moitos foron asociados aos postos como consecuencia de demandas xudiciais, cuestión que entende debe ser modificada, pasando a abrir unha negociación coas OOSS ao respecto.

Logo de definir a súa interpretación ao respecto dos **conceptos do contido dos pluses**, segundo eles, de conformidade coa xurisprudencia, **o pretendido é concretar e definir os criterios da asignación** dos mesmos. Neste punto **UGT** manifestou que si ben é certo que **consideramos que a apertura dunha negociación** de pluses é **correcto** e loable, así como o intento de **unificar e homoxeneizar**, **non estamos de acordo** coas **definicións descritas**, en tanto que son **sesgadas e de parte**, pretendendo **servir de base para minorar dereitos adquiridos**, que en todo caso suporían, de levarse a cabo, **modificacións substanciais das condicións de traballo**, para as persoas traballadoras que actualmente están a percibir os ditos pluses. **UGT** entende que toda vez que conseguidos de conformidade **con sentenzas xudiciais nada hai que negociar** sobre a súa aplicación.

En resposta ao anterior expón a administración que **en ningún caso afectarían ao persoal que os están a percibir**, sendo de aplicación a futuro unha vez que as persoas deixasen vacantes os postos.

En todo caso **UGT non acepta** o principal criterio esgrimido ao respecto de que **o risco deixa de existir unha vez adoptadas as medidas correctoras**, **UGT** entende que **o risco, sexa a penosidade, a perigosidade e a toxicidade existen e seguirán existindo por moitos EPIs e medidas que se adopten**, é certo que as persoas unha vez dotadas dos mesmos minimizarán o risco, pero este seguirá existindo. Polo tanto si a AGACAL parte desa premisa para concluír a asignación dos pluses, **UGT** entende que **o punto de partida é erróneo e polo tanto as conclusións tamén**.

Asumido por parte dos responsables que os **criterios** serán obxecto de **negociación**, co fin de acadar **consenso**.

Funcións dos postos de traballo:

Outra das cuestións tratadas son as funcións asociadas aos postos de traballo, que entendemos son **parciais e incompletas**. Desde a nosa concepción consideramos que toda **Análise de Postos de Traballo (APT)** debe ter a **desagregación** que comprenda, en primeiro lugar as **competencias** dos postos que se deben desagregar

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	886 132 759	pontevedra@ugt-sp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	

en **funcións** e estas en **tarefas**. Si o desenvolvemento da APT non se realiza deste xeito correse o **risco de non avaliar correctamente os postos** e polo tanto **chegar a conclusións**, que novamente van a ser **erradas**, ao igual que sucede cos complementos. De feito **os complementos deberan estar baseados nesta análise**. Aconsellamos seguir unha estrutura de APT baseada neses tres conceptos: competencia, funcións e tarefas. De igual forma para a desagregación das mesmas a Administración Autonómica conta co Instituto Galego das Cualificacións Profesionais que seguramente aporte luz sobre a técnica pola que se debe desenvolver e asignar as mesmas.

Queda aberto **prazo de 15 días para presentar alegacións** ao documento. Podes remitir as túas aportacións aos seguintes enderezos:

sindicato-uxt@xunta.gal

coruna@ugt-sp.ugt.org

uxt.lugo@xunta.es

xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org

pontevedra@ugt-sp.ugt.org

UGT-SP	DIRECCIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRONICO
Santiago	Edif. San Caetano – Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	uxt.sancaetano@xunta.es
	Edif. San Lázaro – Locais Sindicais	881 997 292	sindicato-uxt@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos – Locais Sindicais	981 185 989	ugt.monelos@xunta.es
	Fdez. Latorre, 27 – 3º - 15006	981 248 471	coruna@ugt-sp.ugt.org
Ferrol	Carmen, 45 – 2º - 15402	981 359 131	ferrol@ugt-sp.ugt.org
Lugo	Edif. Admtvo. Xunta Galicia – Local sindical	982 294 206	uxt.lugo@xunta.es
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 – 1º - 32003	988 238 353	xunta.ourense@ugt-sp.ugt.org
Pontevedra	Pasantería, 1 – 2º - 36002	986 847 844	autonomica.pontevedra@fesp.ugt.org
Vigo	García Barbón, 67 – 6º - 36201	986 221 918	